

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación convocado pola Resolución do 27 de decembro de 2022.

Mediante a Resolución desta dirección xeral, do 27 de decembro de 2022 (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), realizouse a convocatoria excepcional do proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas categorías de persoal de investigación.

Mediante a Resolución do 27 de novembro de 2024 (DOG núm. 235, do 5 de decembro), fixéronse públicas as baremacións definitivas e a lista de persoas aspirantes seleccionadas na convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación.

A base décima da convocatoria do proceso selectivo establece que se publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución pola que adxudique o destino e se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e a asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro da dita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizada a convocatoria excepcional pola Resolución do 27 de decembro de 2022 do proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas seguintes categorías de persoal de investigación:

- Investigador sanitario-subgrupo C1.
- Investigador sanitario-subgrupo A1.
- Investigador non sanitario-subgrupo A1.



Segundo. En cumprimento da base novena da Resolución de convocatoria do 27 de decembro de 2022, excluír a María Dolores Mayan Santos como aspirante definitivamente seleccionada na liña de investigación: Neurociencias, Oncoloxía e Hematoloxía, pertencente á categoría de investigador/a-sanitario-subgrupo A1. Quedan anuladas as súas actuacións e decae en todos os dereitos derivados da súa participación neste proceso.

Declarar deserta a liña de investigación referida, ao non existiren en máis persoas aspirantes.

Terceiro. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na correspondente categoría de persoal investigador, as persoas aspirantes que se inclúen no anexo desta resolución.

Cuarto. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.

Quinto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento no seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Sexto. Sen prexuízo da declaración de finalización do proceso selectivo realizado no punto primeiro desta resolución, de conformidade coa base 10.4 da resolución de convocatoria, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas, por diversos motivos, non continúen no proceso, cubrirase a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de



seleccionadas, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva con independencia da quenda de acceso. Nomeadamente, chamarase o/a seguinte aspirante nos supostos de:

- Renuncias aos dereitos derivados do proceso selectivo.
- Non reunir os requisitos establecidos na convocatoria para o desempeño da praza.
- Non presentar a documentación requirida.
- Non formular elección de praza en tempo e forma conforme o procedemento establecido.
- Non se producir a toma de posesión na praza adxudicada.
- Ser declarado/a, en situación de excedencia sen dereito a reserva de praza con efectos desde o mesmo día da toma de posesión.

Nos supostos previstos neste punto, non se modificará a elección de praza realizada con carácter previo ao nomeamento e adxudicaráselles ás novas persoas aspirantes as prazas resultantes das ditas situacións.

Sétimo. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, as persoas aspirantes seleccionadas deberán realizar, con carácter obrigatorio e nun prazo non superior aos seis meses, contados desde a data de publicación do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo no *Diario Oficial de Galicia*, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero que recolle o artigo 157 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expediente-e e fose debidamente validada.

Oitavo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co estableci-



do nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2025

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: 44zzimr7-wcv2-eya9-2ws0-fta4eomwivuu7





ANEXO

Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

Investigador-non sanitario-subgrupo A1

DNI	Apelidos e nome	Liña de investigación	Destino
***9491**	Blanco Vereá, Alejandro José	Xenética das enfermidades cardiovasculares hereditarias asociadas a morte súbita cardíaca	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***6276**	Redondo Marey, Carmen María	Epidemioloxía xenética e molecular do cancro. Quimioprevención do cancro: ensaios clínicos. Vitamina D, nutracéuticos, fungos, microbioma	Área Sanitaria de Vigo
***9324**	Teixeira Bautista, Susana	Estudo biomorfolóxico, banco de mostras e biomodelos en enfermidades raras	Área Sanitaria de Vigo

Investigador-sanitario-subgrupo A1

DNI	Apelidos e nome	Liña de investigación	Destino
***8859**	Abal Posada, Miguel	Tumores xinecolóxicos e biopsia líquida	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***7542**	Agís Balboa, Roberto Carlos	Enfermidades neuropsiquiátricas (demencia, esquizofrenia, depresión e trastorno por estrés posttraumático): mecanismos epixenéticos, aprendizaxe e memoria, neuroxénese, biomarcadores en sangue, dianas terapéuticas e ferramentas bioinformáticas	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***8573**	Beceiro Casas, Alejandro José	Estudos de mecanismos de resistencia a antimicrobianos en bacterias Gram-multirresistentes e avaliación de novas alternativas antibióticas	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***2354**	Brión Martínez, María José	Xenética cardiovascular: cardiopatías familiares, enfermidades aórticas, cardiotoxicidade, morte súbita cardíaca, farmacoxenética cardiovascular	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***0212**	Campos Pérez, Francisco	Ictus translacional e neuroprotección	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***3001**	Caramés Pérez, Beatriz	Estudo da autofaxia no envellecemento articular e na artrose: desenvolvemento de terapias dirixidas	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***2480**	Castelao Fernández, José Esteban	Epidemioloxía xenética e molecular do cancro. Quimioprevención do cancro: ensaios clínicos. Vitamina D, nutracéuticos, fungos, microbioma	Área Sanitaria de Vigo
***5397**	Conde Muro, Carmen	Mecanismos patoxénicos, biomarcadores e dianas terapéuticas en enfermidades autoinmunes: artrite reumatoide e lupus eritematoso sistémico	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***1137**	Costas Costas, Javier	Bases xenéticas de esquizofrenia e doutros trastornos psiquiátricos	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza





DNI	Apelidos e nome	Liña de investigación	Destino
***8697**	De la Fuente Freire, María	Nanomedicamentos baseados en nanosistemas lipídicos para tratamento e diagnóstico de cancro e outras enfermidades prevalentes. Deseño de novas terapias dirixidas en oncoloxía	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***2873**	Domenech García, Nieves	Insuficiencia cardíaca avanzada e transplante cardíaco	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***3126**	Fernández Ferreiro, Anxo	Senescencia celular en fisioloxía e patoloxía	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***4822**	Fernández García, José Luis	Infertilidade: fragmentación do ADN dos espermatozoides	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***3834**	Gómez Vaamonde, Rodolfo	Estudo e abordaxe farmacolóxico das respostas inmunes innatas articulares e a osificación heterotópica	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***3388**	González Martínez-Pedrayo, Antonio Luis	Reumatoloxía experimental e observacional. Autoinmunidade e xenética	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***3960**	Gualillo, Oreste	Interaccións neuroendócrinas en enfermidades reumáticas e inflamatorias	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***8531**	Lago Paz, María Francisca	Regulación da homeostase enerxética e da viabilidade e o metabolismo cardiomiocitario por parte de adipoquinas e de fármacos utilizados en medicina cardiovascular	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***2960**	López Armada, María José	Estudo da disfunción mitocondrial e da dieta na inflamación asociada a patoloxías articulares e diálise peritoneal	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***3109**	Pardo Montero, Juan	Dosimetría de radiacións e modelos biomatemáticos de doses/resposta en radioterapia	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***0942**	Pardo Pérez, María	Novas vías de comunicación do tecido adiposo na fisiopatoloxía e terapias da obesidade: identificación de biomarcadores circulantes e mecanismos endócrinos mediados por vesículas extracelulares	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***4991**	Pazos Randulfe, Yolanda	Sistemas ligando-receptor endóxeos determinantes nas patoloxías asociadas a procesos proliferativos e reparadores	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***5363**	Pérez Camiña, Jesús	Dianas terapéuticas para o tratamento de patoloxías do músculo esquelético relacionadas coa rexeneración e atrofia muscular	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***5430**	Poveda López, Eva	Infección por VIH e SARS-CoV-2: epidemioloxía molecular/resistencias, factores de evolución e resposta a tratamento, inflamación e vesículas extracelulares	Área Sanitaria de Vigo
***2563**	Rego Pérez, José Ignacio	Estudo xenética mitocondrial en enfermidades reumáticas, especialmente a artrose e artrite reumatoides	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***9262**	Ruiz Romero, Cristina	Aplicación de estratexias proteómicas para o descubrimento de biomarcadores en artrose e artrite reumatoides	Área Sanitaria da Coruña e Cee
***9020**	Seoane Camino, Luisa María	Bases neuroendócrinas das accións das hormonas gastrointestinais sobre a homeostase enerxética: implicación na fisiopatoloxía da obesidade e metabolismo	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
***7098**	Sobrino Moreiras, Tomás	Biomarcadores, teragnóstica e terapias avanzadas en enfermidades neurolóxicas asociadas ao envellecemento	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza



DNI	Apelidos e nome	Liña de investigación	Destino
***4555**	Tomás Carmona, María del Mar	Estudos moleculares de mecanismos de tolerancias, persistencias e resistencias aos antibióticos. Innovación en técnicas diagnósticas ultrarrápidas de enfermidades infecciosas. Fagoterapia e enzimas derivadas	Área Sanitaria da Coruña e Cee

Investigador-sanitario-subgrupo C1

DNI	Apelidos e nome	Liña de investigación	Destino
***6609**	Miranda Ponte, Sara	Epidemioloxía xenética e molecular do cancro. Quimioprevención do cancro: ensaios clínicos. Vitamina D, nutracéuticos, fungos, microbioma	Área Sanitaria de Vigo
***5233**	Picado Barreiro, Marta	Xestión e manexo de microscopia confocal	Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.